



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2018/5, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 26 DE XULLO DE 2018 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO (PP)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PP

MARGARITA RAMILO VARELA

FLORINDA DUARTE GERPE

CARLOS BARBEITO REY

JOSE MANUEL MONTES MARTINEZ

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO

PABLO COUTO LOPEZ

JOSE FRANCISCO ORGEIRA CAMPELO

CANDELA RODRIGUEZ LADO

Grupo municipal mixto

CESAR MANUEL BERGONDO TRILLO (ACC/SON)

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL

NON ASISTEN

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES (Excusa a súa ausencia)

Grupo municipal do PP

RUBEN REGUEIRA MOAR

ALFONSO GARCIA GONZALEZ (Excusa a súa ausencia)

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

HORA DE INICIO: 12:10

HORA DE REMATE: 12:38

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:10 do xoves 26 de xullo de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 19 de xullo de 2018 e segundo acordo plenario do 9 de xullo de 2015, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2018/5, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (4/2018, ordinaria, do 31 de maio de 2018)
2. Propuesta de la Alcaldía al Pleno para la solicitud de adhesión del Ayuntamiento de Carral (A Coruña) a la central de contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP)

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 3.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (4/2018, ORDINARIA, DO 31 DE MAIO DE 2018)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta das sesión nº 4/2018, ordinaria, do 31 de maio de 2018.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

2. PROPUESTA DE LA ALCALDÍA AL PLENO PARA LA SOLICITUD DE ADHESIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL (A CORUÑA) A LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (FEMP)

EXPOSICIÓN

En el expediente de la sesión consta la siguiente propuesta de la Alcaldía al Pleno, de 13 de julio de 2018:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

"PROPUESTA DE LA ALCALDÍA AL PLENO

Asunto: Solicitud de adhesión del Ayuntamiento de Carral (A Coruña) a la central de contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP)

ANTECEDENTES

PRIMERO: La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEGUNDO: La Entidad Local Ayuntamiento de Carral (A Coruña) (CIF P1502100I) está interesada en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, **PROPONGO** al órgano competente (Pleno) de la Entidad Local (Ayuntamiento de Carral- A Coruña) que, previo el dictamen preceptivo de la correspondiente comisión informativa,

ACUERDE

1).- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

2).- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

3).- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.

Carral, en la fecha de firma electrónica que figura al margen

EL ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño".

La comisión informativa permanente de asuntos generales del Pleno, emitió en su sesión 5/2018, ordinaria, del 20 de julio de 2018 (según el acta extendida por D^a Sonia Campos Ares, quien actuó como Secretaria Accidental del Ayuntamiento en esa sesión), dictamen favorable a la propuesta, en votación ordinaria, por cinco votos a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

favor de los/as señores/as concejales/as del grupo municipal del PP presentes en la sesión, y con cuatro abstenciones (de los/as tres señores/as concejales/as del grupo municipal del PSdeG-PSOE presentes en la sesión y del señor concejal del grupo municipal mixto (ACC/SON)).

DEBATE

El señor Alcalde explica que se trata de un acuerdo tipo para cuestiones de cierta envergadura, como el suministro de energía eléctrica, al que se pueden unir los Ayuntamientos para obtener mejores ofertas.

El señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifiesta que en la comisión informativa escuchó la explicación de la Presidenta, según la cual, la adhesión supondría abaratar costes y reducir carga de trabajo y añade que, si se mantiene el nivel y es más barato, a su grupo le parece bien.

El señor Couto López (grupo municipal del PSdeG-PSOE) indica que a su grupo le parece bien la propuesta, y que está a favor de la misma. Sin embargo, manifiesta que en el informe de la Intervención incluido en el expediente de la cuenta general, se dice que en contratación "*se pasa en general de la ley*", por lo que opina que la propuesta está bien, pero que sería mejor empezar por la propia casa.

El señor Alcalde replica que la contratación en el Ayuntamiento se hace bien, y que a veces se pregunta si no se hace bien de más, lo que es distinto a que esté pendiente la contratación de algunas cuestiones.

El señor Bergondo Trillo considera que no puede decir que está bien si la Intervención dice que no está bien y añade que, tras diez años sin pliegos, cree que ya sería hora de que apareciesen y de que saliesen a oferta.

El señor Couto López añade que, en relación al servicio de limpieza, la nueva Ley de contratos llama a incluir criterios de empleo social, por lo que, en su opinión, casi no haría falta ni concurso, pero sería una garantía para los trabajadores, y que se llevan años con estas contrataciones.

El señor Alcalde replica que él es el primer interesado en dejar de tener que firmar reparos y añade que los técnicos de los distintos departamentos involucrados y la Secretaría e Intervención tienen orden y saben que es algo que hay que hacer, y que nadie tiene interés en que siga así, pero todos tienen mucha carga de trabajo. Manifiesta que espera que, tras las contrataciones del POS, se puedan realizar este año las indicadas.

VOTACIÓN Y ACUERDOS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sometida a votación, el Pleno aprueba la propuesta, en votación ordinaria, por unanimidad de los/as diez señores/as concejales presentes en la sesión (cinco señores/as concejales/as del grupo municipal del PP, cuatro del grupo municipal del PSdeG-PSOE y el señor concejal del grupo mixto (ACC/SON)), adoptando los siguientes acuerdos:

- 1).**- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.
- 2).**- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.
- 3).**- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

3.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 29 de maio de 2018 e o 19 de xullo de 2018 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 242/2018) adoptada pola Alcaldía contraria a aquel, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
188/2018	29/05/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 5/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (30-5-2018)
189/2018	30/05/2018	ASUNTO: APROBACIÓN NÓMINAS MENSUAIS MES DE MAIO 2018
190/2018	30/05/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO DE CONTRATO MENOR PARA LEVAR A CABO O TRANSPORTE DAS SAÍDAS DO CEIP TAHEAIO
191/2018/	30/05/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO DO CONTRATO PARA ACTOS PROTOCOLARIOS PREMIO POESÍA
192/2018	30/05/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENOR PARA REALIZAR PANEIS DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO COÑECEMENTO DA AUTORA Á QUE SE LLE ADICAN AS LETRAS GALEGAS 2018.
193/2018	31/05/2018	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO AO SERVIZO DE INTERIOR E ESPÉCTACULOS PÚBLICOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA TAXA PARA A REALIZACIÓN DA 3ª RUTA BTT DO CONCELLO DE CARRAL.
194/2018	31/05/2018	ASUNTO: APROBACION DA FACTURA DE SANITAS, S.A DE SEGUROS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2018.
195/2018	01/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 13/2018
196/2018	05/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 17/2018
197/2018	06/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 18/2018
198/2018	06/06/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 6/2018, EXTRAORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (7-6-2018)
199/2018	06/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 19/2018
200/2018	06/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 20/2018
201/2018	06/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 14/2018
202/2018	08/06/2018	ASUNTO: CONCESIÓN URGENTE DE PRESTACIÓN DO SAF (LIBRE CONCORRENCIA) A Dª Mª DE LOS REMEDIOS FERNÁNDEZ REY.
203/2018	11/06/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA-ABRIL 2018
204/2018	11/06/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PUBLICO POR ESCOLAS CULTURAI E




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEPORTIVAS XUÑO 2018

205/2018	11/06/2018	ASUNTO:LIQUIDACION DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO XUÑO 2018
206/2018	12/06/2018	ASUNTO: PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL-PLAN ÚNICO DE CONCELLOS-POS+ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
207/2018	12/06/2018	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A JOSÉ MANTEIGA SANTOS E A CONCEPCIÓN LÓPEZ GRELA.
208/2017	13/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 21/2018
209/2018	13/06/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 7/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (14-6-2018)
210/2018	13/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 22/2018
211/2018	13/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 23/2018
212/2018	14/06/2018	ASUNTO:EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2018, XERACION DE CRÉDITOS 1/2018
213/2018	14/06/2018	ASUNTO:EXTINCIÓN DA PRESTACIÓN DO SAF DE D.JOSÉ LUIS APRUCESSESS MARTÍN
214/2018	14/06/2018	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 10/2018
215/2018	14/06/2018	ASUNTO: XUSTIFICACION DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 12/2018
216/2018	15/06/2018	ASUNTO:APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE CINCO TRABALLADORES/ALBANEIS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
217/2018	15/06/2018	ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A MARÍA PILAR TABOADA GILDA
218/2018	15/06/2018	ASUNTO: AXUDAS ODONTOLÓXICAS, OFTALMOLÓXICAS E DE ESTUDOS DO PERSOAL DO CONCELLO (XANIRO A XUÑO)
219/2018	18/06/2018	ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A MARÍA FLORA CANDAL LALE
220/2018	18/06/2018	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES (ARTS. 118 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA E 48.K) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO) OS DÍAS 20 E 29 DE XUÑO DE 2018, E POR VACACIÓNS (14 A 22 DE XULLO DE 2018) .
221/2018	18/06/2018	ASUNTO:INICIO DE EXPEDIENTE DE SANCIONES DE TRÁFICO DII (P4542)
222/2018	18/06/2018	ASUNTO:RESOLUCION ESTIMATORIA DE SANCIONES DE TRAFICO, EST-2018-2
223/2018	19/06/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENORES PARA LEVAR A CABO A DESRATIZACION DA CASA DE CULTURA E RUA ROSALIA DE CASTRO
224/2018	20/06/2018	ASUNTO:CONCESIÓN DE LICENZA PARA TALA DE ÁRBORES A INSTANCIA DE ENCE CELULOSA S.A NAS PARCELAS 406 E 8 DO POLÍGONO 44 E NA PARCELA 213 DO POLÍGONO 18 SITAS EN PALEO E PROPIEDAD DE DOS IRMÁNS GARCÍA FERNÁNDEZ.
225/2018	20/06/2018	ASUNTO:CONCESIÓN DE LICENZA DE TALAS DE ÁRBORES A INSTANCIA




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DE ENCE CELULOSA S.A NAS PARCELAS 337 453 E 462 DO POLÍGONO 36 E NAS PARCELAS 1198 E /152 DO POLÍGONO 24 PROPIEDAD DE PERFECTO SANCHEZ FARIÑA E MARIA CARMEN VARELA BREA

226/2018	20/06/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE DE SAUDE DA OBRA PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARCIAL DO CONXUNTO ETNOGRÁFICO MUIÑOS COSTA DA ÉGOA E POSTA EN MARCHA DE DOUS MUIÑOS
227/2018	21/06/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS, COIRÓS, OZA-CESURAS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO NO RURAL 2018
228/2018	22/06/2018	ASUNTO: AXUDAS ODONTOLÓXICAS, OFTALMOLÓXICASE DE ESTUDOS DO PERSOAL DO CONCELLO (XANEIRO A XUÑO)
229/2018	22/06/2018	ASUNTO: CONCESIÓN PRESTACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) POLA VIA DE URXENCIA A ANTONIA LOIS BELLO
230/2018	22/06/2018	APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, COIRÓS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DE EMPREGO EMPRENDEMENTO XUVENIL
231/2018	22/06/2018	APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, COIRÓS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DE EMPREGO A DEPENDENCIA: ALTERNATIVA DE EMPREGO
232/2018	23/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 25/2018
233/2018	23/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 26/2018
234/2018	25/06/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 1/2018 E REPOSICIÓN DO MESMO
235/2018	25/06/2018	ASUNTO: CONCESIÓN DE ANTICIPO DE CAIXA FIXA 3/2018
236/2018	25/06/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR- PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA (MAIO 2018)
237/2018	25/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 27/2018
238/2018	25/06/2018	ASUNTO: SOLICITUDE DE D. ANDERS JAVIER GARCIA FARIÑA DE AUTORIZACIÓN PARA CAMBIO DE VEHÍCULO VICULADO Á LICENZA DE AUTO-TAXI Nº 9
239/2018	25/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 29-2018
240/2018	26/06/2018	ASUNTO: APROBACION DA NOMINA MENSUAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DO PERSONAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2018
241/2018	27/06/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 15/2018
242/2018	27/06/2018	ASUNTO: LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO 3/2018 EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL E PROPOSTA DE APROBACION DE FACTURAS POR IMPORTE DE 58.325,68 EUROS.
243/2018	27/06/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 8/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (28-6-2018)
244/2018	27/06/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS 1/2018 (5/2018 DE COMISIÓNS INFORMATIVAS),




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

EXTRAORDINARIA 20-07-2018

- | | | |
|----------|------------|---|
| 245/2018 | 28/06/2018 | ASUNTO: APROBACIÓN DE RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO TRABALLADORES, ALBANEIS (UN OFICIAL DE PRIMEIRA, UN OFICIAL DE SEGUNDA E TRES PEÓNS), A XORNADA COMPLETA, DURANTE CATRO MESES, AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2018. |
| 246/2018 | 28/06/2018 | ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENORES PARA LEVAR A CABO A "ESCOLA DE VERÁN 2018" |
| 247/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR (P4569) A-12 |
| 248/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 29/2018 |
| 249/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 30/2018 |
| 250/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 31/2018 |
| 251/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) POLA VÍA DE URXENCIA A D. MANUEL CORRAL QUINTANA. |
| 252/2018 | 02/07/2018 | ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN VICENTE DE VIGO E TABEAI (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 18-5-2017; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 22-9-2017) |
| 253/2018 | 03/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 32/2018 |
| 254/2018 | 03/07/2018 | ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENORES PARA LEVAR A CABO A ESCOLA DE VERÁN |
| 255/2018 | 03/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 16/2018 |
| 256-2018 | 03/08/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 17/2018 |
| 257/2018 | 04/07/2018 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 33/2018 |
| 258/2018 | 04/07/2018 | ASUNTO: ESTIMACIÓN DE QUE A OFERTA PRESENTADA POR CONSTRUCCIONES CANARGA, S.L. (CIF B 15.360.902) PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NOS LUGARES DE SOBREPINEIRO, FORNOS E A CABRA, (POS+2017), MALIA INCLUIR VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS EN CANTO AO PREZO (15.5 PCAP), PODE SER CUMPRIDA |
| 259/2018 | 04/07/2018 | ASUNTO: ESTIMACIÓN DE QUE A OFERTA PRESENTADA POR CONSTRUCCIONES CANARGA, S.L. (CIF B 15.360.902) PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAL E BEIRARRÚAS NA RÚA DO PAN E RÚA ALCALDE FRANCISCO XAVIER ALVAJAR, (POS+2017), MALIA INCLUIR VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS EN CANTO AO PREZO (15.5 PCAP), PODE SER CUMPRIDA |
| 260/2018 | 04/07/2018 | ASUNTO: ESTIMACIÓN DE QUE A OFERTA PRESENTADA POR CONSTRUCCIONES CANARGA, S.L. (CIF B 15.360.902) PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NA BAILÍA E TARROEIRA DE SUMIO. CONCELLO DE CARRAL, (POS+2017), MALIA INCLUIR VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS EN CANTO AO PREZO (15.5 PCAP), PODE SER CUMPRIDA |
| 261/2018 | 04/07/2018 | ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATOS, NOMEAMENTOS DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DO DÍA E HORA DA ENTREVISTA PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO TRABALLADORES, ALBANEIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2018. |




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

262/2018	05/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 1ER TRIMESTRE 2018
263/2018	05/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 18/2018
264/2018	05/07/2018	ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D ^a GUMERSINDA BELLO PARDO E D. SANTIAGO GOMEZ OTERO.
265/2018	09/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 19/2018
266/2018	09/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN VICENTE DE VIGO E TABEAIO (AGADER)
267/2018	09/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 34/2018
268/2018	10/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 35/2018
269/2018	10/07/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (XULLO DE 2018)
270/2018	10/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 36/2018
271/2018	11/07/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 9/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (13-7-2018)
272/2018	11/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 37/2018
273/2018	13/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 38/2018
274/2018	13/07/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 5/2018 (6/2018 DE COMISIÓN INFORMATIVAS) ORDINARIA, 20-7-2018
275/2018	13/07/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 39/2018
276/2018	13/07/2018	ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS PRIMEIROS CUALIFICADOS PARA OCUPAR CINCO POSTOS DE ALBANEIS (UN OFICIAL DE PRIMEIRA, UN OFICIAL DE SEGUNDA E TRES PEÓNS) AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2018.
277/2018	13/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURA Y CERTIFICACIÓN ÚNICA CORRESPONDIENTE AL CONTRATO DEL SUMINISTRO CON INSTALACIÓN RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL (FINANCIADO A TRAVÉS DEL PRÉSTAMO REEMBOLSABLE CONCEDIDO AL AYUNTAMIENTO DE CARRAL MEDIANTE RESOLUCIÓN DE 26 DE ABRIL DE 2016 DEL DIRECTOR GENERAL DEL IDAE)
278/2018	18/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURA Y CERTIFICACIÓN ÚNICA CORRESPONDIENTE AL CONTRATO DEL SUMINISTRO CON INSTALACIÓN RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL (FINANCIADO A TRAVÉS DEL PRÉSTAMO REEMBOLSABLE CONCEDIDO AL AYUNTAMIENTO DE CARRAL MEDIANTE RESOLUCIÓN DE 26 DE ABRIL DE 2016 DEL DIRECTOR GENERAL DEL IDAE)
279/2018	18/07/2018	ASUNTO: PROPOSTA DE AUTORIZACION DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 13/2018
280/2018	19/07/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 5/2018, ORDINARIA, 26 DE XULLO DE 2018

O señor Alcalde explica que se atenderon as solicitudes realizadas a AMTEGA, e que se convocaron axudas a nivel estatal e, por parte da Xunta, un concurso a nivel de Galicia, para as empresas interesadas en instalaren fibra óptica a 100 MB. Engade que Carral apareceu na convocatoria, que atende aos núcleos máis importantes arredor do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

casco urbano, para a instalación á devandita velocidade no prazo máximo dun ano. Explica que lle consta que a axuda foi solicitada por Telefónica, e que está pendente a axuda do Estado deste ano.

Por outra banda, comunica que o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar fixo unha proposta de convenio ao Concello para o acondicionamento dun edificio para Centro Social, e espera que se poida acondicionar o edificio do Víctor Velasco para a realización de actividades de promoción da autonomía e relativas á dependencia por parte dos servizos sociais do Concello. Engade que a subvención ten un importe de 150.000 € e que, segundo a memoria, coidan que é suficiente para a realización das obras necesarias, e que se verá se a xestión do centro se pode realizar polo Consorcio. Explica que falta a redacción da memoria completa e os informes da Intervención e da Secretaría e que non se tratará dun centro de día porque aínda non está definido, mais que poderá ser un centro de maiores equiparable a un centro de día.

4.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante).

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) insiste na que considera necesidade dunha liña de autobús entre Carral e Cambre, igual cá de Cerceda-Carral, para poder desprazarse a urxencias, para os rapaces do IES e pola terceira causa para ter que ir a Cambre, ao xurdir estes días a idea de que haxa só un pediatra en cada PAC.


O señor Alcalde manifesta que se está a traballar para 2019, cando saen de novo as liñas a concurso. O señor Bergondo manifesta que, nese caso, traerá unha moción á seguinte sesión plenaria.

Os señores voceiros dos grupos municipais mixto-ACC/SON e do PSdeG-PSOE indican, por tanto, que non presentan ningunha moción nesta sesión.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

5.1.-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Couto López opina que para os desbroces volveuse seguir o santoral, segundo as festas de cada parroquia. Coida que é escandaloso como está a maleza en carral, e que non se roce ata setembro. Recoñece que é un tema difícil de xestionar, mais considera que se debe abordar, sobre todo na contorna das vivendas, como acontece coas fincas de arredor da súa casa, para evitar traxedias coma a acontecida en Grecia. Opina que sería bo que o Concello dese exemplo e tivese as súas estradas limpas pois, se non temos o nos olimpo, ¿cómo podemos pedir aos demais que o fagan?.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

5.2.-Respostas do señor Alcalde (1)

O señor Alcalde indica ao señor Bergondo que poden falar da liña de autobuses cando desexe. Explica que a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia está a reunir aos Concellos con frecuencia, para tratar sobre o concurso das liñas que se fará en 2019, con concorrencia. Indica que contestou a una enquisa propoñendo unir Cambre con Carral, o Xalo, algúns cambios en paradas (coma a do Taller Luis Trigo, na que non hai sinal nin marquesiña, ou a creación dunha no tanatorio), ou alteracións nos horarios, coma por exemplo o aumento de frecuencias en Barcia. Explica que, en calquera caso, mentres non se faga o novo concurso, non se pode facer o que teña repercusión económica. Manifesta que si urxe para o instituto, pois os país fixeron una xuntanza para dotalo de transporte, e sería carísimo e, ademáis, os rapaces de Carral terían que sair case una hora antes para facer o percorrido. Engade que se pode plantear que a liña vaia ao núcleo de Cambre ou que conecte con outros que levan a lugares máis que prioritarios, coma o colexio ou o PAC. Por outra banda, indica que na segunda quincena de setembro se restablecerá o pediatra.

Dálle a razón ao señor Couto no relativo a coincidencia dos desbroces, pois hai oito parroquias e por algún sitio hai que comezar. Engade que, se se empezasen a facer en xaneiro, en maio estaría igual e, se se empeza en maio, non dá tempo a todo. Opina que se está a facer máis ou menos ben, coma todos os anos, mais que este ano medrou moito a herba pola climatoloxía. Considera que, en calquera caso, todos teñen fallos, pois a Deputación esqueceu algún sitio, coma a estrada Castelo-Andeiro- San Benito.

5.3.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

- 1.- O señor Bergondo Trillo pregunta cómo vai a recollida de velutinas este ano e se se está a levar un rexistro.
- 2.-O señor Bergondo Trillo pregunta se se está a facer algo na UA5 ou se está o expediente estancado.
- 3.- Manifesta que habería que buscar una solución aos vertedoiros incontrolados do polígono dos Capelos e do Marco das Eiras.
- 4.- Solicita que se comece a asistir ás xuntanzas para a área metropolitana, coma a última realizada en relación a Nostián, para que Carral poida poñer o seu gran de área no que lle conveña, e non quede atrás sen opinar. Considera que a área metropolitana é moi boa e cun grande interese para Carral.

5.4.-Respostas do señor Alcalde (2)

A solicitude do señor Alcalde, o señor Barbeito Rey explica que este ano levan retirados uns vinte niños de velutinas, se ben van atrasadas este ano, e confirma que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

si se está a levar un rexistro. O señor Couto replica que nas fotos de La Voz Carral aparece coma Concello no que se retirou máis ou menos un niño, ao que o señor Barbeito resposta que é porque o ano pasado non chamou a Protección Civil, mais este ano si. A señora Duarte Gerpe engade que para as axudas ao respecto, o criterio que se está a empregar é o do número de niños retirados. O señor Alcalde engade que é "*moi bonito*" chamar ao 112, mais que o caso é quitar o niño e que, en Carral, tardaban ata dous días, polo que, se se esperase á Xunta de Galicia, podería haber problemas.

O señor Couto indica que é importante comunicar que existen os niños.

No relativo á UA5, o señor Alcalde explica que no PXOM van varios plans parciais, coma a UA5, o Campo da Feira e algún convenio, e que os correspondentes expedientes están en marcha e que espera poder dicir algo deles en pouco tempo. Engade que en setembro terán as propostas do equipo redactor sobre As Travesas, hormigones Carral, as Salgueiras e una empresa que se quere ampliar en Tabeaio.


O señor Couto pregunta se van no PXOM ou se se está a facer una modificación das normas subsidiarias, ao que o señor Alcalde resposta que van en paralelo e que, se quere, lle poden explicar os detalles o arquitecto ou a técnica xurídica.

No tocante aos vertedoiros, explica que no que vai de ano xa quitaron tres veces o do Marco das Eiras. Engade que o domingo pasado había un tractor, mais que, cando lle ían sacar fotos, xa non estaba. Indica que é una situación que enfada moito, e que a Concellaría de Medio Ambiente vén planteando a instalación de cámaras de vixilancia para disuadir. Tamén se poderían instalar uns mollóns, mais o dono da finca das vacas podería ter problemas de acceso. No relativo aos Capelos, manifesta que non tiran moito, se ben algún "*xitanos*" deixan carcacas de televisores. Engade que a policía atopou algún recibo entre os papeis, mais que non se pode considerar coma una proba en relación a una persoa, pois tamén os podería ter tirado alí un "*inimigo*" desa persoa.

Por outra banda, explica que una cousa é a mesa de Alcaldes e outra a área metropolitana. Indica que, de momento, non hai nada feito en relación á área metropolitana, mentres non a aprobé o pleno do Concello da Coruña. Considera que non debe participar na mesa de alcaldes, e que xa non o fixeron os de Culleredo e Cambre, porque, na súa opinión, xa se terxiversou en varias ocasións, mediante notas de prensa, o

acontecido e fixeron una "*encerrona*". Explica que o Consorcio das Mariñas ten un convenio con Albada para a xestión dos rexeites en Nostián, por 34€/tonelada. Engade que A Coruña non o ten e que debe uns 30 millóns de euros a Albada, mentres o Consorcio das Mariñas non lles debe nada. Por tanto, considera que haberá que axudar no que poidan, mais que hai que ser serios e non involucrar a todos se en Nostián non se recicla ben e, por outra banda, considera que non poden estar saíndo pola porta de María Pita e que os xornalistas xa teñan una nota de prensa.

Ás **12:38** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval